

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

Organiza

Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática

AGAPEMA

Patrocina



CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO

A Asociación Galega de Profesores de Matemáticas (AGAPEMA), co patrocinio do Exmo. Concello de Mondariz Balneario, convoca para todo o ámbito xeográfico da FESPM (Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas) e da APM (Associação de Professores de Matemática) o Concurso de Fotografía Matemática que este ano ten como tema central

"As Matemáticas e a auga"

e rexerese polas seguintes

BASES:

1. Tema: "As Matemáticas e a auga"
2. Formato: 18 x 24 cms.
3. As fotografías deben ser inéditas.
4. Poderán participar alumnos de España e Portugal, de colexios e institutos, públicos ou privados e profesorado dos dous Estados.
5. Haberá 2 premios en cada unha das categorías: Primaria, Secundaria, e Postobigatoria e un único premio para o Profesorado de calquera nivel
 - Os primeiros premios terán unha dotación económica de: 150 €.
 - Os segundos premios terán unha dotación económica de: 100 €.
 - O premio para o profesorado será de 200 €.

A xuízo do xurado poderá outorgarse accésit cunha dotación de 50 €

Os premios poderán ser declarados desertos.

6. O resultado do concurso será publicado na páxina WEB de AGAPEMA <http://www.agapema.com> a partir do 9 de xuño de 2003.
7. A recepción de fotografías será ata o día 24 de maio de 2003.

8. O xurado, presidido polo alcalde de Mondariz Balneario, estará formado por membros de AGAPEMA e do Concello patrocinador e o seu fallo será inapelable.

9. As fotografías remitiranse nun sobre pechado a:

"Concurso de fotografía Matemática"

Concello de Mondariz Balneario

c/ Constitución, 1

36890 - Mondariz Balneario (Pontevedra)

10. Cada sobre deberá conter:

- A fotografía ou fotografías coas que se participa no concurso e nas que debe figurar, na súa parte posterior, o título e a categoría na que participa.
- Un sobre pechado para cada fotografía, contendo os datos do concursante, e na súa parte exterior o título da fotografía así como a categoría na que participa.

11. Desde o 2 ata o 13 de xuño as fotografías presentadas estarán expostas na sala de exposicións "Villa de París" do Concello de Mondariz Balneario.

12. AGAPEMA resérvase o dereito de editar as fotografías premiadas en calquera medio impreso ou informático.

13. A participación no Concurso implica a aceptación das bases.

Datos que deben ser introducidos no sobre

1) Título da fotografía:

2) Datos do autor:

| | | |
|-----------------------------|--------------------------|--|
| Nome: | Apelidos: | NIF: |
| Categoría na que participa: | | |
| Profesor | <input type="checkbox"/> | |
| Alumno: Primaria | <input type="checkbox"/> | Secundaria <input type="checkbox"/> Postobrigatoria <input type="checkbox"/> |
| Enderezo particular | | |
| C/ | Nº, piso, letra: | |
| C.P.: | Localidade: | Provincia: |
| País: | Teléfono: | Correo electrónico: |

Datos do Centro:

| | | |
|--------------------------------|-------------|---------------------|
| Centro onde estudia ou exerce: | | |
| Enderezo do Centro | | |
| C/ | Nº | |
| C.P.: | Localidade: | Provincia: |
| País: | Teléfono: | Correo electrónico: |